

Expediente núm.- 192/2020

DECRETO DE ALCALDÍA

D. Manuel González López, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña);

Considerando, Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19;

Considerando, as previsións contidas no Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19;

En aplicación das previsións contidas nos artigos 26.3 e 46.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

1.- Proceder á suspensión do cobro das taxas e prezos públicos correspondentes ás actividades prestadas polo Concello e suspendidas como consecuencia da declaración do estado de alarma pola crise sanitaria provocada polo COVID-19, dende a data na que se suspenderon as actividades e ata que dito estado sexa levantado:

1. Escola de música
2. Actividades culturais e deportivas
3. Complexo deportivo e piscina municipais
4. Actividades do Centro Social

2.- Adoptar cantas medidas sexan necesarias para proceder á devolución/compensación dos importes que, seu caso se tivesen aboados e se correspondan co período que abrangue dende a suspensión das actividades ata o levantamento do estado de alarma, terán a consideración de cobros indebidamente realizados.

3.- Comunicar a presente á cidadanía.

Outes, na data que figura á marxe;

Perante min,

O Alcalde,
D. Manuel González López.

A Secretaria da Corporación,
D^a Míriam Naveira Dono.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

MÍRIAM NAVEIRA DONO (1 para 2)
SECRETARÍA
Data de Sinatura: 20/03/2020
HASH: 282307c0d9386869674614cfc591587b



MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ (2 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 20/03/2020
HASH: f8acda06b071b6930d212f8eb86ab13



Cod. Validación: Y9HR3E7YTKM9J66GZXXJ3754F | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1